



RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE MARZO DE 2006, POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO DE HOMOLOGACIÓN DO TÍTULO DE DOUTOR

O Real Decreto 285/2004, de 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (modificado polo Real Decreto 309/2005, de 18 de marzo) establece:

Artículo 22 ter. 1. Os reitores das universidades españolas serán competentes para a homologación a títulos e graos españois de posgrao.

a.- O actual título e grao de Doutor, en tanto se produza a súa substitución polo previsto no Real Decreto 56/2005, de 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de Posgrao.

Os novos títulos oficiais de Máster e Doutor que se establezan de acordo co citado Real Decreto 56/2005, de 21 de xaneiro, excepto os títulos de Máster a que fai referencia o seu artigo 8.3 (3).

O Goberno poderá establecer directrices xerais propias e requisitos especiais de acceso nos estudos conducentes ao título oficial de Máster, naqueles casos nos que, segundo a normativa vixente, o dito título habilite para o acceso a actividades profesionais reguladas, cuxa homologación se tramitará de acordo co disposto na sección I do capítulo II deste Real Decreto.

b.- O grao académico de Máster.

2.- O procedemento iníciarase mediante solicitude do interesado, dirixida ao reitor da universidade da súa elección, acompañada polos documentos que se determinen mediante os criterios aprobados polo Consello de Coordinación Universitaria.

En desenvolvemento deste Real Decreto dictase a Orde ECI/3886/2004, de 3 de novembro e a ECI/1712/2005 de 2 de xuño que a modifica. Esta última, a Orde ECI/1712/2005, suprime as referencias respecto á homologación dos títulos de Doutor contidos na anterior e, como consecuencia, non queda a partir dela ningunha previsión legal sobre o procedemento concreto de homologación dos títulos de doutor.

Os criterios que se seguirán nos procesos de homologación e a documentación a presentar deben ser acordados polo Consello de Coordinación Universitaria. Ata o momento téñense aprobado os Acordos das Comisións Académica e de Coordinación do Consello de Coordinación Universitaria, do 11 de maio de 2005, polo que se ditan criterios para a aplicación da sección IV do Real Decreto 285/2004. Por último, a Vicesecretaría de Coordinación Académica remitiu o 29 de xullo de 2005 un documento sobre o Sistema Provisional para o Rexistro das Credenciais de Homologación de Títulos Estranxeiros de Educación Superior a Títulos Oficiais Españois de Posgrao.

De este xeito, ao residenciar nas Universidades as competencias respecto á homologación de títulos de posgrao é necesario establecer el procedemento a seguir así como as condicións de homologación que non poden supoñer en ningún caso unha rebaixa no nivel de esixencia académica.

Por todo o anterior esta Reitoría Resolve:

PRIMEIRO.- A Universidade de Santiago de Compostela homologará títulos estranxeiros de educación superior polo de Doutor do sistema universitario español, conforme á habilitación legal do R.D. 285/2004, y de acordo ao procedemento recollido nesta Resolución.

SEGUNDO.- PROCEDEMENTO DE HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS DE DOUTOR

1 .- INICIACIÓN

1.1.- O procedemento para a homologación de títulos estranxeiros de educación superior ao de Doutor español iniciarase a petición do interesado que, presentada en calquera momento, deberá acompañarse dos seguintes documentos :

- a) Copia compulsada do documento que acredite a identidade e nacionalidade do solicitante, expedido polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia ou polas autoridades españolas competentes en materia de estranxeiría. No caso dos cidadáns españois, fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) Copia compulsada do título cuxa homologación se solicita ou da certificación acreditativa da súa expedición.
- c) Copia compulsada da certificación académica dos estudos realizados polo solicitante para a obtención do título de Posgrao, na que consten, entre outros extremos, a duración oficial, en anos académicos, do programa de estudos seguido, as materias cursadas, a carga horaria de cada unha delas e as súas cualificacións.
- d) Deberase acompañar tamén dunha memoria explicativa da tese realizada, redactada en castelán con indicación dos membros do Xurado e cualificación, así como un exemplar desta.
- e) A documentación complementaria que se determine, segundo o caso concreto.
- f) Declaración xurada de non ter solicitado a homologación noutra universidade conforme ao artigo 22.ter. 5. do Real Decreto 285/2004.
- g) Acreditación do abono de 99 € correspondentes ao prezo público fixado na tarifa segunda do Decreto de Prezos da Comunidade Autónoma Galega.

1.2.- Os documentos que sirvan de base á petición deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a. Ser oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes, de acordo co ordenamento xurídico do país de que se trate.
- b. Deberán presentarse legalizados por vía diplomática ou, no seu caso, mediante a apostila do Convenio da Haya. Este requisito non se esixirá aos documentos expedidos polas autoridades dos Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

c. Deberán ir acompañados, no seu caso, da súa correspondente tradución oficial ao galego ou castelán. Non será necesario incluír tradución oficial do exemplar da tese doutoral, nin dos documentos complementarios que requira o órgano instrutor.

1.3.- Na oficina de rexistro na que presente a súa solicitude, o interesado achegará, xunto con cada documento orixinal, unha fotocopia do dito documento. A oficina de rexistro realizará o cotexo dos documentos e copias, comprobando a identidade dos seus contidos, devolverá os documentos orixinais ao interesado e unirá as copias á solicitude, unha vez dilixenciadas cun selo ou acreditación de compulsión.

Si as fotocopias estiveran xa cotexadas e legalizadas ante Notario ou polas representacións diplomáticas ou consulares de España no país de onde proceda o documento, no será necesaria a presentación simultánea do orixinal.

Con carácter xeral, no se achegarán documentos orixinais a estes procedementos, agás cando poidan requirirse en aplicación da norma segunda.

1.4.- Non procederá a devolución aos interesados de ningunha documentación achegada, unha vez finalizado o procedemento, salvo nos casos excepcionais nos que se trate de documentos orixinais e resulte posible e procedente esa devolución. Antes da entrega ao interesado o órgano encargado da tramitación fará copia de cada unha das acreditacións ou títulos que se arquivarán no expediente, e incluírá unha relación certificada que inclúa tódolos documentos entregados.

1.5.- En caso de dúbida sobre a autenticidade, validez ou contido dos documentos aportados, o órgano instrutor poderá efectuar as dilixencias necesarias para a súa comprobación, así como dirixirse á autoridade competente expedidora dos mesmos para validar os extremos dúbidosos.

2.- TRAMITACIÓN

2.1.- Recibida a petición, o Servizo de Xestión Académica asegurase de que a documentación cumpre os requisitos formais necesarios. De non ser así, reclamará ao interesado a mellora da solicitude dándolle 10 días hábiles para emendar os defectos ou presentar nova documentación. Este prazo poderá ser obxecto de ampliación a petición do interesado antes da finalización do prazo concedido.

No caso de que o interesado non cumprimente o requirimento, ditarase resolución de non admisión a trámite.

2.2.- As peticións que se estime que reúnen tódolos requisitos se enviarán no prazo máximo de 15 días á Comisión de Terceiro Ciclo para a emisión de informe. Este informe terá carácter preceptivo pero, como outros informes que se poidan solicitar, non será vinculante para a Reitoría.

Así mesmo, a Comisión de Terceiro Ciclo poderá recadar mediante petición razoada e a través do Servizo de Xestión Académica, documentación complementaria do interesado.

2.3.- O informe ditarase antes de dous meses, salvo paralización imputable ao interesado. Este informe deberá ter en conta entre outros, os criterios xenerais establecidos e, en concreto:

- a. A validez académica oficial no país de orixe.
- b. A correspondencia entre os niveis académicos requiridos para o acceso aos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e para o acceso ao título español.
- c. A duración e carga horaria do período de formación necesario para a obtención do título estranxeiro cuxa homologación se pretende.
- d. A correspondencia entre os niveis académicos do título estranxeiro e do título español ao que se solicita a homologación.
- e. Os contidos formativos superados para a obtención do título estranxeiro.

Así mesmo, a Comisión poderá solicitar o asesoramento dos especialistas que considere necesario o pedir informes a outras Administracións ou Embaixadas ou Consuñados.

2.4.- Os informes técnicos da Comisión de Doutoramento poderán servir de precedentes para posteriores informes do mesmo órgano sempre que se refira a casos idénticos e así o acorde a Comisión. Nestes casos o órgano encargado da tramitación elevará a proposta de resolución sen necesidade de informe técnico específico.

3.- RESOLUCIÓN

3.1.- Á vista da documentación e dos informes, o Reitor ditará a correspondente resolución, na que se fará constar o literal do título a homologar e a tradución máis fiel posible ao galego e castelán.

3.2.- No caso de resolución de homologación positiva e antes da emisión da credencial, a universidade a traveso da Sección de Títulos do Servizo de Xestión Académica, comunicará a dita resolución á Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións a efectos de inscrición da homologación na sección especial do Rexistro Nacional de Títulos e a asignación do correspondente número de rexistro. Da mesma maneira se inscribirá na Sección Especial do Rexistro de Títulos da Universidade.

4. CREDENCIAL

4.1.- Recibido o número de rexistro nacional e unha vez asignado o número de rexistro universitario, procederase á expedición da correspondente credencial por parte da Sección de Títulos da USC en soporte de seguridade.

4.2.- Na credencial de homologación farase constar que a homologación o é a un grado, conforme o modelo que se achega como anexo xunto coas características técnicas.

4.3.- A efectos de expedición de orixinais e duplicados así como para a entrega ou remisión aos interesados, seguirase o procedemento establecido para os títulos equivalentes.

5.- REXISTRO

Ós efectos do seus rexistro e asignación do número universitario, créase a sección especial de rexistro de credenciais de posgrao coa mesma estrutura que a utilizada para o rexistro dos títulos equivalentes. O nº de rexistro terá as mesmas características que os títulos, engadíndolle a letra C ao comezo do código alfanumérico actual.

6.- DURACIÓN DO PROCEDIMIENTO

O prazo máximo para ditar resolución será de 6 meses. De non recibir contestación nese prazo enténdese denegada.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2006

 O REITOR

Serén Barro Ameneiro

Sres. Decanos e Directores de Centros; Directores de Departamentos; Secretario Xeral; Vicerreitor de Organización Académica; Servizo de Xestión Académica; Oficina de Información Universitaria; Unidades de Xestión Académica; Vicexerencia do Campus de Lugo; Servizo de Asesoría Xurídica; Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora de Procedementos

ANEXO I



Universidade de Santiago de Compostela

De conformidad con lo dispuesto en el Real Decreto 309/2005, de 18 de marzo, por el que se modifica el Real Decreto 285/2004, de 20 de febrero, por el que se regulan las condiciones de homologación y convalidación de títulos y estudios extranjeros de educación superior (BOE de 19 de marzo), el Excmo. y Magfco. Rector de la Universidad _____ ha acordado:

De conformidade co disposto no Real Decreto 309/2005, de 18 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 285/2004, de 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE de 19 de marzo), o Excmo. e Magfco. Reitor da Universidade _____ acordou:

Que el título de:

(título extranjero, en español),

(título extranjero, en idioma original)

obtenido por (nombre y apellidos), nacido el (fecha de nacimiento), de nacionalidad (_____), en la (Universidad o Centro de educación superior) de (localidad y país) quede homologado al título universitario oficial español de DOCTOR con los mismos efectos de éste en todo el territorio nacional.

Que el título de:

(título estranxeiro, en galego)

obtido por (nome e apelido), nado o (data de nacemento), de nacionalidade (_____), na (Universidade ou Centro de educación superior), de (localidade e país), quede homologado ao título universitario oficial español de DOUTOR cos mesmos efectos de éste en todo o territorio nacional.

En su virtud, esta Universidad expide la presente credencial, que acredita los efectos de dicha homologación desde su fecha de expedición.

Na súa virtude, esta Universidade, expide a presene credencial, que acredita os efectos da dita homologación dende a data de expedición.

..... de de

El Rector. – Fdo.:

O Reitor .- Asdo.:

(Nº de inscripción en la sección especial del Registro Nacional de Títulos)

(Nº de inscrición na sección especial do Rexistro Nacional de Títulos)